

OFERTA EDUCATIVA

2024 - 2025

PRESENTACIÓN

O Museo Pedagógico de Galicia é un centro específico da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional destinado a recuperar, salvagardar, estudar e difundir todas aquelas expresións que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio educativo de Galicia.

Como parte do noso labor de difusión do patrimonio pedagógico, dende o museo programamos durante todo o ano actividades divulgativas coas que achegar ao público a colección así como distintos contidos vinculados á mesma.

Un ano máis, neste programa de actividades destacan as dirixidas aos centros escolares. Unha oferta con propostas adaptadas a cada etapa educativa coas que o alumnado poderá achegarse á historia da educación e aos cambios que a transformaron nos últimos séculos.



EDUCACIÓN INFANTIL



Visita guiada + obradoiro

Percorrido guiado por algunhas das salas do museo co que o alumnado coñecerá e mesmo experimentará como eran antigamente as escolas e os xogos habituais entre os nenos e nenas coma eles.

A visita complementábase cun pequeno obradoiro no que realizarán un xoguete a partir de elementos naturais.

Duración: 50 minutos

Grupos de 10 a 25 persoas

De balde con reserva previa



Visita libre

O persoal do museo recibirá ao grupo á súa chegada para realizar unha pequena introdución sobre os contidos e a colección que atesoura así como coordinar co profesorado o itinerario de visita. A visita ás salas expositivas será libre (non guiada), co acompañamento do profesorado responsable do grupo.

Duración: flexible

De balde con reserva previa



Visita guiada

Percorrido guiado por algunhas das salas do museo co que o alumnado coñecerá e mesmo experimentará como eran antigamente as escolas e os xogos habituais entre os nenos e nenas coma eles.

Duración: 60 minutos
Grupos de 10 a 25 persoas
De balde con reserva previa



EDUCACIÓN PRIMARIA

Visita libre

O persoal do museo recibirá ao grupo á súa chegada para realizar unha pequena introdución sobre os contidos e a colección que atesoura así como coordinar co profesorado o itinerario de visita.

A visita ás salas expositivas será libre (non guiada), co acompañamento do profesorado responsable do grupo.

Duración: flexible
De balde con reserva previa

Ruta didáctica "Segredos tras o encerado"

O alumnado descubre o museo traballando e resolvendo en pequenos grupos as cuestións plantexadas nos cadernos didácticos que acompañan á actividade.

Co apoio dun educador/a do museo e do profesorado responsable do grupo, os participantes deberán procurar información nas salas e botar man da observación e da reflexión para ir descubriendo por sí mesmos a información que os obxectos que forman parte das aulas do pasado poden contarnos sobre o seu tempo e sobre as persoas que fixeron uso deles.

Duración: 75 minutos
Nivel educativo: 3º a 6º de EP
Grupos de 10 a 60 persoas
De balde con reserva previa



Visita guiada

Percorrido guiado por algunhas das salas do museo co que o alumnado coñecerá os cambios experimentados na educación e na realidade dos rapaces e rapazas coma eles ao longo dos últimos séculos.

Duración: 60 minutos
Grupos de 10 a 25 persoas
De balde con reserva previa



Ruta didáctica "Viaxeiros do tempo"

O alumnado descubre o museo traballando e resolvendo en pequenos grupos as cuestións plantexadas nos cadernos didácticos que acompañan á actividade.

Co apoio dun educador/a do museo e do profesorado responsable do grupo, os participantes deberán procurar información nas salas pero tamén botar man da observación e da reflexión, para chegar con éxito ao final desta viaxe no tempo que os levará a descubrir os cambios que se produciron nas escolas e na realidade dos rapaces e rapazas coma eles ao longo dos últimos séculos.

Duración: 75 minutos
Grupos de 10 a 60 persoas
De balde con reserva previa

EDUCACIÓN SECUNDARIA


Visita libre

O persoal do museo recibirá ao grupo á súa chegada para realizar unha pequena introdución sobre os contidos e a colección que atesoura así como coordinar co profesorado o itinerario de visita.

A visita ás salas expositivas será libre (non guiada), co acompañamento do profesorado responsable do grupo.

Duración: flexible
De balde con reserva previa

RESERVA DE ACTIVIDADES




OUTROS SERVIZOS



MUPEDUCA

Mupeduca é un plan de colaboración entre os centros e o museo. Fixestes un proxecto sobre algún tema relacionado co museo e precisades colaboración? Contádenos a vosa idea!

<https://mupega.edu.xunta.gal/servizos/MUPEDUCA>



MICROESPAZO MUPEGA

Exposición itinerante que consiste na recreación dunha aula histórica realizada con materiais do Museo Pedagóxico de Galicia. Trátase dunha mostra que pode ser solicitada para a súa instalación temporal nos centros educativos con motivo dalgunha efeméride, proxecto, etc.

<https://mupega.edu.xunta.gal/o-noso-patrimonio/exposicion-itinerante>



EXPOSICIÓNS TEMPORAIS, RECURSOS...

Ao longo do curso continuamos a traballar na programación de exposicións temporais, actividades e recursos dixitais para a aula.



Museo Pedagógico de Galicia

.....
Actividades dirixidas a centros educativos

Museo Pedagógico de Galicia

Rúa de San Lázaro, 107

15707, Santiago de Compostela

<https://mupega.edu.xunta.gal/>

museo.pedagogico.galicia@edu.xunta.gal

981540155 / 981540150

